2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

#### 4.1.26 A proposta de cambio de centro

No caso de alumnado da Formación Profesional Básica menores de 16 anos, poderán retornar ao seu centro de orixe.

#### 4.1.27 Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no [punto 4.5.2](#).
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

### Condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

#### 4.1.28 Condutas leves contrarias á convivencia

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da [Lei 4/2011](#) que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da [Lei 4/2011](#).
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.



- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

#### 4.1.29 Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

#### 4.1.30 Responsables da aplicación das medidas correctoras

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:
  - a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do [punto 4.6.2](#).
  - b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do [punto 4.6.2](#).
  - c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do [punto 4.6.2](#).
  - d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do [punto 4.6.2](#). A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno, cando sexa menor de idade, antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.



### 4.1.31 Solicitude de revisión e execución de medidas

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do [punto 4.6.2](#) ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no [punto 4.6.2](#), pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

## Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

### 4.1.32 Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello social das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

### 4.1.33 Determinación do procedemento de corrección

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na

convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.

4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

#### 4.1.34 Inicio do procedemento de corrección

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpran os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corríxila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.
2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.
3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.
4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.
5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:
  - a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.
  - b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
  - c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
  - d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrir a conduta.
6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no [punto 4.4.6](#), números 3 e 7, deste decreto e comunicárselle á Inspección Educativa.

## Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
  - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
  - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
  - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
  - b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
  - c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
  - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

### 4.1.35 Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.  
O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.
6. incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no [punto 4.9.1](#).

#### 4.1.36 Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.
2. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:
  - a) Contribuír ao proceso de conciliación.
  - b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
  - c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

#### Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

#### 4.1.37 Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

## Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:
  - a) Feitos probados.
  - b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
  - c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
  - d) Posibilidade de solicitar ante o consello social, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.
2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instructor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.
3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello social por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da [Lei orgánica 2/2006](#), para os centros públicos, e o artigo 57.d) da [Lei orgánica 8/1985](#), do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.
4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

### 4.1.38 Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corraxida ou corraxido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.
2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

### 4.1.39 Prescripción de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no CIFP, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescripción comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescripción non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescripción no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no CIFP prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

## 5. NORMAS DE FUNCIONAMENTO

---

### Matriculación

A matrícula se formalizará na secretaría do Centro, dentro dos prazos establecidos, nos impresos oficiais e cumprimentando os requisitos legais.

### Admisión

#### 5.1.1 Admisión de alumnos

A admisión de alumnos realizarase observando a lexislación vixente e as normas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

##### 5.1.1.1 Xornada de acollemento

- Haberá unha xornada de acollemento, segundo calendario redactado pola dirección do CIFP Ferrolterra, o cal se poderá consultar na páxina Web do centro.
- Recepción xeral: a dirección do CIFP dará a benvida e fará unha pequena presentación do centro e dos membros do equipo directivo, resolvendo as dúbidas dos presentes. A continuación, o/a xefe/a de estudos explicará as normas básicas de convivencia e funcionamento do centro. Posteriormente presentarase o/a xefe/a do departamento de información e orientación profesional, que explicará o funcionamento do seu departamento. Por último, farase a presentación de cada un dos/as titores/as, que, con posterioridade, conducirán o grupo asignado á aula correspondente.
- Recepción na aula: o/a titor/ora porá a disposición do alumnado a Guía do alumnado ([MD.75.ACO.01](#)) e facilitará a información que precise: dereitos e deberes, normas e regulamentos, xustificación de faltas de asistencia, trámites, etc. Así mesmo comprobará a corrección dos datos persoais do alumnado e tomará aqueles que resulten necesarios para unha rápida e fluída comunicación con este e as súas familias.

A continuación, cando nun curso se atope alumnado de nova incorporación ao centro, o/a titor/a efectuará unha visita guiada polas instalacións seguindo, no caso de que se establecera, a quenda correspondente.



### 5.1.1.2 Presentación do profesorado

Ao longo da primeira semana de clases, todos os profesores e as profesoras do grupo se presentarán, explicarán a súa programación e deixaran a disposición do alumnado, segundo o descrito no Procedemento de programación ([PR.75.PRO](#)).

### 5.1.1.3 Enquisas de acollemento

Finalmente, na segunda semana do curso e logo de completados todos os pasos previos, o/a titor/ora pasará ao alumnado a Enquisa de acollemento do alumnado ([MD.82.CLI.01](#)). Coa devandita información, elaborará o Informe sobre acollemento do alumnado ([MD.82.CLI.02](#)) e entregará despois todos estes rexistros ao responsable de calidade.

## 5.1.2 Admisión de profesores

### 5.1.2.1 Acollemento do persoal docente

Ao comezo do curso, o acollemento de persoal descrito a continuación pode ser levado a cabo en grupos, e ser conducida por parte da persoa que a dirección do CIFP determine.

O persoal docente de nova incorporación será recibido por un dos integrantes do equipo directivo do CIFP co obxecto de:

- Darlle a benvida e acompañalo á secretaría do CIFP a efectos de cumprimentar toda a documentación administrativa necesaria para a súa incorporación.
- Informarlle sobre o funcionamento xeral e instalacións
- Informarlle sobre os aspectos xerais do sistema de xestión da calidade (SXC).
- Entregarlle a Guía do profesorado de nova incorporación ([MD.62.ACP.01](#)), que deberá estar debidamente actualizada por parte do equipo directivo. Xunto con esta guía, entregar o Xustificante de acollemento de profesorado ([MD.62.ACP.03](#)) que debe ser devolto á mesma persoa debidamente asinado.
- Acompañalo a visitar as instalacións do CIFP.

### 5.1.2.2 Información de xefatura de estudos

O profesorado de nova incorporación será acompañado á xefatura de estudos para:

- Entregarlle os horarios, o Caderno de aula ([MD.75.AUL.01](#)) e toda a documentación relativa a labor titorial que lle poida corresponder ou de responsabilidade (xefatura de departamento, coordinación, etc.).
- Informarlle dun xeito xeral sobre a correcta cumprimentación da documentación aportada. No caso de non estar elaborada esta documentación (nova incorporación antes do inicio do curso), deberá ser entregada ao profesorado no momento que corresponda segundo o establecido nos restantes procedementos do sistema de xestión da calidade e/ou na normativa vixente.
- Informarlle sobre a xestión das faltas de asistencia e permisos.

No caso de ausencia da xefatura de estudos este apartado poderá ser realizado por calquera membro de equipo directivo.

### 5.1.2.3 Información da xefatura de departamento da área de formación

O novo profesorado será presentado por un integrante do equipo directivo a xefatura de departamento da área de formación á que estea adscrito, quen:



- Presentaralle aos outros membros do departamento.
- Informaralle sobre a utilización dos espazos, instalacións, material e equipamento asignados a cada departamento e/ou ciclos.
- Informaralle sobre o sistema establecido para realizar as compras para o departamento ou ciclo (provisión de recursos)
- Aportaralle as programacións das materias ou módulos que deba impartir segundo o modelo da aplicación da Programación da Consellería. Material de apoio e demais elementos que a xefatura de departamento da familia profesional considere necesario.
- Informaralle sobre o plan de reunións dos integrantes do departamento/ciclo.

A xefatura de departamento da área de formación acompañará ao profesorado de nova incorporación nunha visita as aulas específicas/talleres, explicando -de ser o caso- as normas específicas de funcionamento de cada unha delas.

No caso de que a nova incorporación sexa por substitución -ou ausencia- da xefatura de departamento da área de formación, este apartado poderá ser realizado por calquera integrante do equipo directivo, asesorado por alguén integrante do departamento, de ser necesario.

### 5.1.3 Admisión do persoal non docente

O PAS de nova incorporación será acompañado á secretaría para:

- Presentarlle aos compañeiros/as.
- Informarlle sobre o seu horario e todos os aspectos relativos ao desempeño da súa tarefa.
- Entregarlle a documentación e material necesario para o desenvolvemento da súa tarefa.
- Informarlle sobre a correcta cumprimentación da documentación solicitada.
- Informarlle sobre a xestión das faltas de asistencia e permisos.

No caso de ausencia da secretaría, este apartado poderá ser realizado por calquera membro do equipo directivo do CIFP.

## Horarios

O horario do CIFP Ferrolterra funcionara dende as 8 da mañá ata as 15 horas, tendo polo medio dous descansos de 15 minutos as 10:30 horas e as 12:45 horas en horario de mañá; e dende as 16 horas ata a as 22:30 tendo así mesmo polo medio dous descansos de 15 minutos as 18 horas e as 20:15 horas no horario de tarde-noite.

Os profesores dos distintos departamentos, deberán estar a súa hora, na aula ou taller que lles corresponda, para poder comezar a clase.

### 5.1.4 Desenvolvemento do proceso

Ao longo do último trimestre de cada curso escolar e nos meses de xullo e setembro realizarase a planificación das actividades docentes para o curso académico seguinte.

A dirección do Centro Integrado presentará cada curso académico unha proposta de desenvolvemento das actividades do Centro na que se recollerá: horario xeral, actividades formativas e accións do centro, así como os recursos humanos que conforman o cadro de

persoal. Esta proposta, unha vez comunicada ao Consello Social, será enviada á inspección educativa.

Unha vez coñecida a oferta educativa aprobada para o CIFP pola administración, no segundo trimestre do ano, comeza o desenvolvemento da planificación docente para o curso que comeza en setembro.

O equipo directivo reunirse para analizar a oferta educativa autorizada e o orzamento asignado para o seu desenvolvemento e planificará a elaboración do Plan Anual do Centro, consonte o proxecto funcional e as directrices do plan de actuación establecido polo Consello Galego de Formación Profesional e polo Consello Social, e tendo presente as propostas do Claustro de profesorado.

Na primeira semana de setembro, a persoa responsable da área de formación trasladará ás persoas titulares das xefaturas de departamento o conxunto de actividades formativas e accións que se van desenvolver por cada departamento.

Inmediatamente despois, os departamentos reuniranse para a concreción da asignación das actividades de formación e accións que cumpra desenvolver. Redactarase acta de reunión, que será asinada por todos os membros que constitúan nese momento o departamento, e entregaráselle unha copia á persoa responsable da xefatura da área de formación.

Asignarase as actividades de formación e accións seguindo os criterios descritos na normativa vixente.

## 5.1.5 Necesidades de profesorado

Unha vez establecida a distribución do alumnado e o número de grupos, procederase a determinar as necesidades docentes do CIFP para o curso seguinte. Estas necesidades serán formuladas á administración educativa a través da inspección. Dita administración decidirá sobre o número de docentes que conformarán o equipo de profesorado tendo en conta a oferta formativa, o número de grupos e as reducións horarias que correspondan ao CIFP para o novo curso.

## 5.1.6 Elección de horarios

A elección de módulo, grupo e, no seu caso, quenda, polo profesorado se axustará ao procedemento e a orde de prioridade establecidos na normativa vixente, segundo establece a [Orde de 29 de xullo de 2011](#), DOG do 8 de agosto.

Durante o mes de xuño celébrase un claustro para establecer os criterios de confección de horarios.

Esta elección axustarase aos seguintes criterios:

- a) Antigüidade no centro. Legalmente a antigüidade no centro osténtana os funcionarios de carreira desde a data do seu destino definitivo no centro.
- b) En caso de empate segundo o criterio anterior aplicarase en segundo lugar a antigüidade no corpo. Legalmente enténdese por tal, o tempo de servizos prestados como funcionario de carreira no corpo correspondente.

A elección realizarase en quenda rotatorio aplicando os criterios de prioridade establecidos no apartado anterior, comezando a orde de elección por o profesor con máis antigüidade. Cada profesor elixirá un grupo e módulo. Unha vez que todos os profesores seleccionen un grupo e módulo se realizará outra rolda de elección e así sucesivamente ata que se esgoten os módulos a impartir por ese departamento.

## 5.1.7 Elaboración

A xefatura de estudos, seguindo -na medida do posible- as propostas das xefaturas de departamento na Proposta de elección de módulos ([MD.71.PLA.08](#)) elabora os horarios do profesorado e dos grupos de alumnado.

Os horarios son entregados no claustro previo ao inicio das clases ao profesorado que, no prazo establecido pola xefatura de estudos, tratarán con ela posibles modificacións dos mesmos. Fixaranse tamén as aulas e talleres que teñen que utilizarse en cada hora polos distintos grupos.

Nos horarios do profesorado (Modelos da Consellería) estableceranse as horas de titoría, atención a pais e alumnado, horas para as reunións de departamento e de equipos docentes, atendendo ás tarefas e cargos establecidos para cada docente. Este rexistro debe ser asinado por cada profesor/a, entregado a xefatura de estudos e enviado á Inspección educativa. Ademais fixaranse as horas de garda e biblioteca, cuxo servizo funcionará de acordo ao establecido na normativa.

As direccións dos CIFP están autorizadas para introducir modificacións nos horarios do profesorado afectado pola formación en centros de traballo (FCT) asignándolle tarefas da súa responsabilidade nas horas en que deixe de impartir os módulos da súa competencia segundo o cargo ou posto que desempeñe, incluídas as gardas que se consideren necesarias. O novo horario será entregado ao profesorado correspondente no modelo anteriormente descrito (Modelo da Consellería- Horario individual).

No mes de xuño, unha vez rematadas as actividades lectivas no día sinalado pola normativa, as direccións dos CIFP poderán modificar os horarios do profesorado para adecualos ás actividades establecidas no calendario aprobado polo claustro e aceptado pola inspección educativa (entrega de cualificacións, atención a reclamacións e cantas outras actividades estean relacionadas co final de curso).

## 5.1.8 Titorías

### 5.1.8.1 Titorías

Haberá un titor por cada grupo de alumnos. O titor será designado polo director, a proposta do xefe de estudose previo informe do xefe de departamento, entre os profesores que impartan docencia ao grupo. A súa coordinación dependerá do xefe de estudos.

Son funcións da titoría da actividade formativa:

- a) Titorizar o alumnado do curso que teña asignado da actividade formativa.
- b) Presidir as avaliacións e redactar as correspondentes actas.
- c) Convocar coa debida antelación as reunións do equipo docente, atendendo ao calendario da área de formación.
- d) Colaborar co departamento de información e orientación profesional nas tarefas que lle asigne a xefatura de formación.
- e) Informar sobre as peticións de validacións ou exencións formuladas polo alumnado do ciclo formativo.
- g) Colaborar cos departamentos na identificación da necesidade de colaboración de expertos, así como no calendario de intervención.
- h) Informar a xefatura da área de formación acerca de todo o referente ao desenvolvemento da actividade formativa titorizada.
- i) Redactar o informe final de fin de actividade, que se incluírá na memoria do departamento da familia profesional correspondente.

- j) Exercer, de acordo coa programación, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- k) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.

### 5.1.8.2 Titorías FCT

Ademais, haberá un titor FCT por cada grupo de alumnos de 2º curso. O titor será designado polo director, a proposta do xefe de estudos, entre os profesores que impartan docencia ao grupo. Preferentemente o titor FCT será o titor do grupo de alumnos.

Son funcións da titoría de formación en centros de traballo:

- a) Elaborar o programa formativo do módulo, en colaboración coa persoa responsable designada para estes efectos polo centro de traballo.
- b) Realizar o seguimento da asistencia do alumnado durante o período de formación en centros de traballo.
- c) Avaliar o módulo en colaboración co equipo docente, tendo en conta o informe da persoa designada polo centro de traballo, sobre as actividades realizadas polo alumnado durante o período de estadia nese centro.
- d) Manter contactos periódicos coa persoa designada polo centro de traballo, co fin de contribuír a que o programa de formación se axuste á cualificación que se pretende.
- e) Atender no centro educativo os problemas de aprendizaxe que presente o seu grupo de alumnado e valorar de xeito continuado as actividades correspondentes ao programa de formación.

### 5.1.8.3 Titorías proxecto

O equipo docente dos grupos de 2º curso dos ciclos superiores, elixirá o titor ou titores do módulo de Proxecto, que con carácter xeral será o titor do ciclo.

Os alumnos reuniranse co titor do proxecto cada quincena. A coordinación destas reunión recaerá no titor de FCT, que no posible faranse coincidir coa reunión quincenal da FCT. Fora destas datas as comunicación co alumnado se fará por medios telemáticos.

Para o desenvolvemento da titoría do módulo de Proxecto, terase en conta a [Resolución do 30 de xullo de 2013](#) (DOG 12 do agosto de 2013).

## Desenvolvemento das actividades académicas

### 5.1.9 Seguimento da programación

Durante o curso académico os profesores farán mensualmente o seguimento da súa programación na aplicación informática da Consellería ([edu.xunta.es/programacions](http://edu.xunta.es/programacions)).

### 5.1.10 Gardas

En función das necesidades a dirección do dentro reflectirá nos horarios docentes gardas de sala e/ou de biblioteca.

#### 5.1.10.1 Sala

A principio de curso e dentro do horario complementario dos profesores, o Xefe de Estudos organizará o horario dos profesores de garda. A súa función é colaborar directamente con

xeatura de estudos no control de o cumprimento horario por parte dos profesores e na vixilancia do correcto funcionamento da actividade docente.

Os profesores de garda observarán as seguintes instrucións:

- a) Os profesores de garda teñen como función a de preservar o orde no centro en todo momento. Para iso non debe haber atrasos nos relevos, debendo acudir a realizala coa maior puntualidade posible.
- b) Os profesores deberán dar unha volta por todos os edificios, incluídos talleres, para comprobar que os corredores e patios están baleiros e os alumnos están nas súas aulas. Despois permanecerán na Sala de profesores por si son necesarios ao longo do desenvolvemento da Garda. Si alguén non está nos lugares indicados deberá xustificar o seu falta.
- c) O profesor de garda debe auxiliar a calquera grupo que o necesite.
- d) Os profesores de garda deben coidar ademais, que non haxa alumnos polos corredores en horas de clase e colaborarán cos ordenanzas no control de persoas alleas ao centro.
- e) O profesor de garda comunicará a xefatura de estudos calquera incidente que poida presentarse.

### 5.1.10.2 Biblioteca

As Gardas de Biblioteca deberán estar cubertas en todo momento, de acordo co horario establecido polo Equipo Directivo a principio de curso.

As funcións dos profesores/as de garda de biblioteca son basicamente manter a orde na mesma, de maneira que sexan respectados os dereitos de tódolos usuarios, así como de atender aos servizos de consulta na sala, préstamos, acceso aos equipos informáticos e internet, etc.

Se nalgún momento a Biblioteca non está atendida, os profesores correspondentes deberán xustificar a súa falta.

En ningún caso os profesores con Garda de Biblioteca poderán marcharse da Biblioteca antes de terminar a hora correspondente.

Poderán auxiliar, se é necesario, a outros profesores de garda.

Encargaranse do préstamo e devolución de libros o equipo da biblioteca.

Dispoñerase na Biblioteca un cadro coa relación de profesores encargados de facer a garda, o día da semana e a hora correspondente.

### 5.1.11 Titorías

O Titor terá que facer o Libro do titor onde se recolle o que ten que facer.

Empregará os modelos de calidade que descargará dende a páxina <https://www.edu.xunta.es/calidade/>.

Os titores serán os que dirixan e leven a cabo a sesión de avaliación, estando en todo momento presente un membro do equipo directivo.

Todos os informes que se xere nas reunións de equipos docentes, os enviará ao Departamento de Calidade . Os arquivos deberán estar nomeados indicando o modelo concreto, así como o grupo ao que corresponde, identificando este, segundo as siglas entregadas por xefatura de estudos.

## Modelos:

1. Acta de elección de delegado [MOD.75.ORI.05](#). Unha vez cuberta, será entregada en xefatura de estudos unha copia.
2. ACOLLEMENTO DO ALUMNADO- O acollemento do alumnado (presentación da guía do alumno, visita ao centro, realización da enquisa de acollemento...), realizarase tanto cos alumnos de primeiro e de segundo curso como cos alumnos que se incorporen unha vez iniciado o curso, debendo estar a súa disposición a Guía do alumnado.
3. Indicarase que se atopa na biblioteca do centro para a súa consulta as Normas de Organización e Funcionamento.
4. Realizada a enquisa polos alumnos, procederase os datos na táboa de Excel correspondente, enviando o Informe sobre acollemento do alumnado ([MD.82.CLI.02](#)) a través da [aplicación de calidade](#).
5. Cuestionario inicial do alumno [MD.75.ORI.04](#) será de carácter voluntario como se indica na enquisa.
6. Acta de avaliación inicial do alumnado- esta será a acta da Primeira reunión de equipo docente, á vista do Cuestionario inicial do alumno [MD.75.ORI.04](#).
7. LIBRO DO TITOR ([MD.75.OR.03](#)) O libro forma parte do PAT (Plan de Acción Titorial). Este libro deberá estar en posesión do titor, e deberase incluír o calendario escolar, a orla e o horario do grupo. Incluiranse a este libro todos aqueles documentos relacionados coa titoría, como apercibimentos de perda de dereito á avaliación continua, a acta de elección de delegado, cuestionario inicial etc.
8. Na reunión mensual de equipo docente incluírse nun apartado da convocatoria o Seguimento da programación, sendo recollido igualmente na acta correspondente as porcentaxes do grao de cumprimento da programación reflectidos na aplicación da programación.
9. Ó final de curso cada docente realizará a MEMORIA FINAL DE MÓDULO segundo o modelo establecido [MD.75.PRO.04](#) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Estas memorias entregaranse -en prazo e forma- a titoría da ensinanza que as incluírá na Memoria final do ciclo o programa [MD.75.PRO.05](#) e a xefatura de departamento correspondente.

## 5.1.12 Casuística relativa ás cualificacións

### 5.1.12.1 Clases compartidas

No caso de que nunha mesma avaliación impartan docencia dous ou máis profesores/as e non se acade un acordo nas cualificacións dos alumnos/as, a nota da avaliación, ou a final, se é o caso, será a media ponderada das notas propostas por cada un dos /das docentes, en proporción ás sesións impartidas por cada un deles.

### 5.1.12.2 Cualificación das actuacións inadecuadas do alumnado en relación cos instrumentos empregados para a avaliación

Sen prexuízo das condicións concretas que poidan ser detalladas nas programacións didácticas dos distintos módulos, en xeral, a realización de trampas nalgún elemento de avaliación (copiar ou deixar copiar nun exame, plaxiar ou apropiarse dun traballo/práctica ou parte del, etc.) poderá ter como consecuencia unha cualificación de 0 puntos nese elemento de avaliación.

Igualmente, a non realización dalgunha proba escrita, a non realización dalgún traballo/práctica ou, en xeral, a non realización de calquera actividade solicitada polo profesor/a, sen a

xustificación adecuada, poderá ter como consecuencia unha cualificación de 0 puntos nese elemento de avaliación.

### 5.1.13 Alternancia das horas lectivas

Co fin de acadar a maior eficiencia no proceso educativo, os profesores poderán alternar as horas lectivas nun mesmo día cos outros profesores que imparten docencia no grupo, sempre que isto sexa posible e con permiso do equipo directivo.

### 5.1.14 Actividades complementarias e extraescolares

No caso de que nunha actividade non participen todos os alumnos do grupo, o profesor deberá permanecer co resto na aula.

### 5.1.15 Desenvolvemento das actividades non presenciais

No caso de que a actividade lectiva presencial se vexa interrompida pola aparición dun gromo provocado pola COVID, aplicarase o plan de continxencia, que se inclúe no [Anexo C](#), que regula o desenvolvemento da actividade non presencial, así como o restablecemento da actividade presencial.

## Documentación relativa á xestión de calidade

